a) **FIXAS:** As horas complementarias fixas **en EI e EP** quedan distribuídas segundo figura no horario persoal de cada mestre establecéndose os martes dende as 16:00 h ata as 19:00 h.

Todos os martes lectivos de cada mes acudirase para facer entrevistas con pais, nais ou titores, reunións de equipos de ciclo ou de nivel, programación da actividade de aula e realización de actividades complementarias e extraescolares, reunións de coordinación e seguimento coa orientadora do centro ou o profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais, asistencia a reunións de claustro, de comisión de coordinación pedagóxica, de consello escolar... tal e como establece o punto 96 da citada Orde.

Na **ESO**, e tal e como establece o punto 98, figuran dentro do horario persoal de cada compoñente do profesorado e son unha hora de atención a tódolos alumnos ós que lles imparte clase, independentemente do grupo a que pertencen e de atención ós pais (unidas nunha única sesión).

b) **NON FIXAS:** En Educación Secundaria as restantes horas complementarias ata completa-las trinta de dedicación ó centro serán de asistencia os 1º martes lectivos de mes para o profesorado que forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Tamén terán lugar, preferentemente os martes ou mércores, cando sexa preciso, as reunións de Órganos Colexiados, avaliacións e reunións dos grupos de traballo ou dinamización. As reunións do EDLG serán os xoves ás 15:45h para facilitar a asistencia do alumnado.

4.4. Criterios para a confección dos horarios do profesorado

Os criterios que procuran a confección dun horario equilibrado para todos/as, alumnado e profesorado, son os seguintes.

- Distribuír as materias dos profesores ao longo da semana.
- Non coincidencia de tres materias de menor asignación horaria.
- Disposición dos espazos con respecto as aulas do Ximnasio e a Aula de Música. /Aula Tecnoloxía / Informática para compartir a súa utilización.
- Especialidades a partir do recreo para aproveitamento das primeiras horas nas materias dos titores. Primeiro en Infantil polo seu programa de traballo.
- Intentar poñer, alomenos, unha especialidade por día así como non coincidir en días consecutivos.
- Facer coincidir E.F. e Música nunha sesión no mesmo nivel, para aproveitamento de ensaios ou xuntanzas de cursos para proxectos comúns.
- Compensación de horarios entre profesores/as para que non haxa grandes diferenzas.
- Se hai problemas específicos nas clases teranse en conta as recomendacións dos titores/as con respecto a certas materias.
- Faise unha sondaxe entre o profesorado para posibles suxestións ou preferencias, sempre que se poidan cumprir.
- Que en todas as horas haxa alguén de garda, polo menos unha persoa.
- As optativas en ESO.
- Favorecer o funcionamento do proxecto Edixgal, as seccións bilingües...

4.5. Asignación de mestres aos equipos.

Os mestres/as sen titoría que non pertencen a ningún equipo docente integraranse nun ciclo segundo o indicado no seguinte **cadro organizativo da adscripción 23/24**.

Educación Infantil		
Sara Delgado Porto	4º A EI	
María Balbina Manso Lorenzo	5º A EI	
Mª Carmen Paz Ladra	6º A EI	
Santiago Cadarso Vázquez	Apoio e coordinación	
Educación Primaria		
Sonia Corral Almeida	1ºA	
Alba Vilela Mouriz	1º B	APOIO EN AL
Jesús Francisco Piñón Pérez	2º A	
Alicia Vázquez Méndez	2ºB	APOIO EN AL
Rosa Pazos García	3º A	
Guillermo Gómez Iglesias	3º B	
María José Ruán Serantes	4º A	XEFATURA

Lidia López Sandomingo	4º B	
M.ª Dolores Freire Villar	5º A	
Blanca Esther Riveira Roca	5º B	
Cristina Soto Fernández	6º A	SECCIÓNS BILINGÜES
Eva Mª Gómez Leira	6º B	

Especialistas	
Yolanda Allegue Chao	MU EI-EP, EDUCACIÓN EN VALORES 6ºA
María de los Angeles Vidal Méndez	RE (EI-EP); APOIO A BIBLIOTECA
M.ª Carmen Barro Sueiras	LI EN 4º, 5º E 6º EP
Genoveva Romero Crego	LI EN EI, 1º, 2º E 3º EP
Antonio José Rodríguez Rodríguez	EF EN 4º, 5º E 6º EI E EF EN 3º, 4º, 5º e 6º EP
Fátima Blas Parga	EF EN 1º E 2º DE EP; PROXECTO COMPETENCIAL E PV DE 4ºA DE EP, PROXECTO COMPETENCIAL DE 1º A, PV DE 6º A DE EP.
M.ª Carmen Hermida García	PT
Juan Ramón Alonso García	AL

CICLOS EI-EP

EDUCACIÓN INFANTIL	
Mª Carmen Paz Ladra	
Santiago Cadarso Vázquez	Coordinador do Ciclo
María Balbina Manso Lorenzo	
Sara Delgado Porto	
PRIMEIRO CICLO	
Alba Vilela Mouriz	
Sonia Corral Almeida	
Jesús Francisco Piñón Pérez	
Alicia Vázquez Méndez	Coordinadora do ciclo
Genoveva Romero Crego	
Ángeles	
Juan Ramón Alonso García	
SEGUNDO CICLO	

Rosa Pazos García	
Guillermo Gómez Iglesias	Coordinador do ciclo
Fátima Blas Parga	
M.ª José Ruán Serantes	
Lidia López Sandomingo	
Yolanda Allegue Chao	
Antonio Rodríguez Rodríguez	
TERCEIRO CICLO	
Blanca Esther Riveira Roca	
M.ª Dolores Freire Villar	
Mª Carmen Hermida García	
Cristina Soto Fernández	
Eva M.ª Gómez Leira	
M.ª Carmen Barro Sueiras	Coordinadora do ciclo

Xefes de Departamento de Educación Secundaria

PROFESORADO	Titoría/ Cargo
PITA RUBIDO, Mª LUISA	Xefa do Departamento de Lingua Galega
HINOJO SÁNCHEZ, IVÁN	Xefe do Departamento de Matemáticas
FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, LAURA Mª	Xefa do Departamento de Fránces
DÍAZ VIQUEIRA, DANIEL	Xefe do Departamento de Música
PITA SANTALLA, VANESSA	Xefe do Departamento de Ciencias Sociais
GONZALEZ ALONSO, ALICIA	Xefe do Departamento de Plástica
PERNAS MARÍN, MARINA	Xefe do Departamento de Física e Química
PORTA PETEIRO, IRENE	Xefe do Departamento de Ciencias Naturais
CASTOSA VAL, FLAVIO	Xefe do Departamento de Educación Física
CADARSO VÁZQUEZ, ALEJANDRO	Xefe do Departamento de Inglés
COUCE COBA, EVA MARÍA	Xefa do Departamento de Lingua Castelá
MARTÍNEZ ROMERO, CRISTINA	Xefa do Departamento de Orientación
SÁNCHEZ LÓPEZ, LUISA DE MARILLAC	Xefa do Departamento de Relixión Católica
MONTERO VALE, MARÍA DE LOS REYES	Xefa do Departamento de Tecnoloxía

TITORES ESO CURSO 2023-2024

NIVEL E GRUPO DA ESO	TITOR / A
1º ESO A	Mónica Ares Amejjide
1º ESO B	Flavio Castosa Val

2º ESO A	Daniel Agulló López
2º ESO B	Laura Mª Fernández Sánchez
3º ESO A	Marina Pernas Marín
3º ESO B	Irene Portas Peteiro
3º ESO C	Zeltia Rodríguez Rodríguez
4º ESO A	María Dolores Otero Mariñas
4º ESO B	Paula Transancos Mariño
4º ESO B	Eva Couce Coba

5. CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Membros da E D LG (Comp. Mestres asignados a E. Docentes)			
Ed. Infantil	Yolanda Allegue Chao		
Ed. Primaria	Genoveva Romero Crego		
	Antonio Rodríguez Rodríguez		
	Blanca Esther Riveira Roca		
Ed. Secundaria	Vanessa Pita Santalla		
	M.ª Dolores Otero Mariñas		
	Luisa Pita Rubido		
	Mónica Ares Ameijide		
	José Daniel Agulló López		
Equ. Direct	M.ª José Ruán Serantes		
PND	Juan Andrés Sánchez Balsa		
CONVIVENCIA		EXTRAESCOLARES	
Cristina Martínez Romero	COORDINADORA	Luisa Pita Rubido	COORDINADORA
Mª Carmen Paz Ladra		Lidia López Sandomingo	
M.ª Carmen Hermida García		Alba Vilela Mouriz	
M.ª José Ruán Serantes		M.ª Dolores Otero Mariñas	
Juan Ramón Alonso García		Mª Dolores Freire Villar	
Carla Vázquez Estraviz		Luisa De Marillac Sánchez López	
M.ª Inmaculada Fernández Baceo		Carlos Alberto Baceo López	
Irene Portas Peteiro		Daniel Díaz Viqueira	
Antonio Cebreiro Melero		Marina Pernas Marín	
Tania Mª Ruanova Suárez		Mónica Ares Ameijide	
Carlos Alberto Baceo López		Alicia González Alonso	
Eva Mª Gómez Leira		Zeltia Rodríguez Rodríguez	
Guillermo Gómez Iglesias		Tania Mª Ruanova Suárez	
		Vanessa Pita Santalla	
		Sara Delgado Porto	
PLAN DIXITAL		BIBLIOTECA	
Mª de los Reyes Montero Vale	COORDINADORA	Mª Sonia Corral Almeida	COORDINADORA
Antonio Cebreiro Melero		María Balbina Manso Lorenzo	
Andrés Manuel Díaz Prieto		Jesús Francisco Piñón Pérez	
Santiago Cadarso Vázquez		Mª de los Ángeles Vidal Méndez	
Iván Hinojo Sánchez		Fátima Blas Parga	
Daniel Díaz Viqueira		Mª Carmen Barro Sueiras	
Carlos Albero Baceo López		Mª Luisa Pita Rubido	
Alejandro Cadarso Vázquez		Laura María Fernández Sánchez	
Irene Portas Peteiro		Zeltia Rodríguez Rodríguez	
Alicia Vázquez Méndez		Eva Mª Couce Coba	
Cristina Soto Fernández			
Rosa Pazos García			
Yolanda Allegue Chao			

REUNIÓNS			
Titorías	Citas cos pais/nais	Martes lectivos de 16:00 h a 17:00 h	
CCP e Ciclos	Coordinación equipos docentes	Primeiro martes lectivo de cada mes	16:30 h a 17:30 h
EACE	Compoñentes	Cando sexa necesario	
EDLG	Compoñentes	Segundo xoves lectivo de cada mes	15:45 h a 16:45 h

Relacións entre os diferentes equipos

A EDLG encargárase de todas aquelas actividades que se desenvolvan en galego coa colaboración doutros departamentos: Magosto, Entroido, Letras Galegas, Medio Ambiente...

O EACE encargárase doutras que ben poden desenvolverse en Galego ou noutras linguas: Nadal, Día da Paz, Día do Libro, Fin de curso. Nas actividades ou conmemoracións que ben, a tempo parcial ou total, se fagan en galego deberá coordinarse ca EDLG e este incluíraas dentro do seu proxecto e memoria.

O EACE coordinará tamén aquelas actividades ou conmemoracións que poidan ser levadas a cabo polos equipos docentes como: Dereitos Humanos, Constitución e Autonomía, prensa, día da saúde, de Europa...

Os Equipos de dinamización que poidan constituírse funcionarán dun xeito coordinado e a tal efecto realizarase unha reunión de coordinadores unha vez por mes.

O indicativo dunha boa colaboración entre todos os equipos será o éxito e a boa marcha das actividades programadas.

6. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

6.1. Transporte

O transporte escolar deste Centro está cuberto una UTE composta por Monbus e Autos Rivas, Así todos os contratos de transporte escolar do CPI Atios que pasan a ser integrados son os seguintes:

EMPRESA	RUTA	TRAXECTO	DURACIÓN (min)
UTE/Monbus-Rivas	1	Fino – O Muiño	24
UTE/Monbus-Rivas	2	Rioboo – A Torre	21
UTE/Monbus-Rivas	3	Carreira – Mercado	23
UTE/Monbus-Rivas	4	Mosende – Poulo	23
UTE/Monbus-Rivas	5	Coval – A Furada	35
UTE/Monbus-Rivas	6	Ladeira – A Loira	25
UTE/Monbus-Rivas	7	Atalaya – Escola	30

UTE/Monbus-Rivas	8	Carreira – Portamaior	26
UTE/Monbus-Rivas	9	Taraza – Porta do Sol	15

A súa organización está supeditada ao novo convenio do Plan Galego de Transporte Público de Viaxeiros por Estrada asinado entre a Consellería de Educación e as empresas de transporte.

A folia de ruta é o documento oficial onde quedan rexistradas as paradas autorizadas para cada bus e actualízase cada ano coas peticións de paradas en ruta, de variante ou de ramal, que poidan facer os usuarios do transporte, no prazo destinado para elo, que soe coincidir no mes de xullo do curso rematado.

Toda a información sobre rutas e alumnado transportado esta aloxada na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/transporteescolar/>

No actual curso académico contamos cun total de 376 alumnos transportados, 4 deles da ruta de Vilarrube acuden ao centro nun taxi xestionado pola Xefatura Territorial

6.2. Comedor.

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Define o funcionamento máis detalladamente a instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-24.

Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo D (entre 250 e 350 comensais),este curso temos una media de 327 comensais co que lle corresponden 15 figuras de colaborador/a, 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes.

Existe unha encargada de comedor que pertence ao colectivo de pais/nais. Funciona en tres quendas, que son as seguintes:

- Na seguinte táboa detállanse os horarios das quendas, os grupos e o número de comensais previstos:

QUENDA	HORARIO	GRUPOS	NÚMERO DE COMENSAIS
PRIMEIRA	13:30 h a 14:15 h	Educación Infantil	50
SEGUNDA	14:35 h a 15:05 h	Educación primaria	146
TERCEIRA	15:10 h a 15.45 h	Educación secundaria	117

Son usuarios do servizo os alumnos/as do centro, cociñeiras, persoal colaborador/a (gratuito) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (gratuito o día da colaboración e de pago o resto). O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

6.2.1. Persoal e colaboradores

PERSOAL E COLABORADORES DO SERVIZO DE COMEDOR		
Cargo	Nome	DÍAS
COCIÑA	VICTORIA DE LOS ANGELES MOREIRA CASTRO	L,M,MI,X,V
	IRIA PEREIRA ANIDOS	L,M,MI,X,V
	Mª BELÉN CASTRO REAL	L,M,MI,X,V
	MARÍA MERCEDES FERREIRA CENDÁN	L,M,MI,X,V
DIRECTORA ENCARGADA	TANIA Mª RUANOVA SUÁREZ	L,M,MI,X,V
	MARIEL VÁZQUEZ VERGARA	L,M,MI,X,V
COLABORADORES	PIÑEIRO BOUZA, ALBA	L,M,MI,X,V
	FERREIRA ANIDO, MARÍA PILAR	L,M,MI,X,V
	CEBREIRO MELERO, ANTONIO	L,M,MI,X,V
	SAAVEDRA TORRENTE, Mª JESÚS	L,M,MI,X,V
	TRILLO VILLAR, ESTEFANÍA	L,M,MI,X,V
	CABANAS VELLÓN, RAQUEL	L,M,MI,X,V
	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARÍA	L,M,MI,X,V
	ANTÓN PORTO, GEMMA MARÍA	L,M,MI,X,V
	GRANDAL PRIETO, MARTA	L,M,MI,X,V
	TESTA SEIJAS, MARÍA PILAR	L,M,MI,X,V
	ROJAS JULIAS, MARÍA ELISA	L,M,MI,X,V
	CALVO CHAO, MARÍA DEL ROSARIO	L,M,MI,X,V
	NOVO BOUZA, ANA ISABEL	L,M,MI,X,V
	CASTRO TESTA, LORENA	L,M,MI,X,V
	MONJE GARRIDO, FRANCISCA ISABEL	L,M,MI,X,V

6.2.2. Usuarios do comedor

ALUMNOS					
	Abono 4,50 €	Abono 2,50 €	Abono 1 €	Gratuidade	Total
Infantil	10	3	9	28	50
Primaria	39	9	13	88	149
ESO	43	14	12	87	156
ESO 1 DÍA*	18	5	3	22	48
TOTAL	120	26	34	203	355

6.2.3. Proxectos a realizar

No curso actual intentárase recuperar o proxecto “Venres Gastronómicos”, en colaboración co Equipo da Biblioteca e o EDLG que tivo que suspenderse por mor da pandemia.

7. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (DOC).

O documento de organización do centro será cumprimentado a través do programa xade e remitido á inspección educativa, e será esta a que determine a validez do mesmo. Unha vez enviado podrá ser consultado no despacho de dirección do centro.

8. PLAN DE ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

8.1. Conserxe

- Apertura e peche dos portais e do edificio. Coidará que durante as horas lectivas ningunha persoa allea ao centro permaneza no recinto escolar sen causa xustificada ou a autorización pertinente.
- Orientación do persoal que accede ao centro.
- Acendido e apagado de luces e da calefacción, así como controlar o subministro para a mesma.
- Preparación, apertura e peche de aulas e demais locais para actividades do centro.
- Coidado e distribución do material mobiliario ou didáctico.
- Comunicar os danos observados nas instalacións e material do centro.
- Situación e traslado de material no centro.
- Arranxo das avarías e danos que non superen as aptitudes requiridas para o seu cargo, así como o coidado de todas as instalacións en xeral.
- Adquisición de material e xestión en comercios da localidade e entidades, por indicación do equipo directivo.
- Atender as comunicacións internas e externas do centro (teléfono, correspondencia, toma de encargos telefónicos...).
- Atender ás necesidades de reprografía do centro.
- Control de sistemas de seguridade, timbres e sereas.
- Servizo de correo e prensa.
- Distribución de circulares informativas ao profesorado e ao alumnado.

As súas normas de comportamento serán as mesmas que as dos profesores e profesoras, pais, nais e alumnado.

Todas aquelas funcións propias do seu cargo e que estableza a lexislación da que depende.

a) Horario:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Entrada pola mañá	08:00	08:00	08:00	08:00	08:00
Saída pola mañá	15:15	15:15	15:15	15:15	15:15
Entrada pola tarde				16:30	
Saída pola mañá				18:30	

8.2. Auxiliares técnicos educativos.

A súa función básica é a atención dos alumnos/as con NEAE, segundo as necesidades existentes no Centro en cada momento.

As súas funcións veñen definidas na resolución do 23 de maio do 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborables.

- En coordinación cos profesionais implicados, colaborar na execución práctica, seguimento e avaliación dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades de coidado, hixiene e aseo persoal, previamente programadas.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.
- Guiar e/ou axudar ao alumno a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións llo impidan ou dificulten.
- Colaborar co resto do profesorado na atención, vixilancia e coidado destes alumnos/as durante os períodos de recreo, descanso e saídas.
- Axudar ao alumno/a dentro da aula, para facilitarlle o acceso a algunhas actividades que presentan especial dificultade para o mesmo. Estas, sempre deberán estar programadas e supervisadas polo profesorado xa se desenvolvan no aula ordinaria ou en agrupamentos específicos.

b) Horario:

De luns a venres pola mañán de 09:35 a 15:30 e os xoves tamén acuden pola tarde de 15:30 a 18:30

8.3. AUXILIAR ADMINISTRATIVA

As súas funcións están recollidas no apartado d) do título IV da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Xestión do proceso administrativo do centro de acordo coa lexislación vixente.
- A atención ao público no referente aos trámites administrativos.
- A preparación e xestión dos documentos que sexan oportunos para o correcto desenvolvemento da actividade do Centro.
- Control e custodia dos documentos académicos pertinentes
- Cumprir co horario establecido pola administración.
- Aqueles que estableza a Lei da Administración Pública Galega.

b) Horario:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Entrada pola mañá	08:00	08:00	08:00	08:00	08:00
Saída pola mañá	15:15	15:15	15:15	15:15	15:15
Entrada pola tarde		16:30		16:30	
Saída pola tarde		18:45		18:45	

c) Horario de atención ao público

De 1 de setembro a 30 de xuño de 10:00 h a 14:00 h.

De 1 de xullo a 30 de xullo de 10:00 h a 13:00 h.

8.4. Persoal laboral de cociña

As súas funcións responderán ás expresadas no Normas de Persoal da Administración da Xunta.

O persoal de cociña desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132 /2013 en relación ao artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación

- Realización de tarefas laborais/cociña.
- Cumprir co horario establecido pola administración
- Aqueles que estableza a Lei da Administración Pública Galega.

b) Horario:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Entrada	09:30	09:30	09:30	09:30	09:30
Saída	17:00	17:00	17:00	17:00	17:00

8.5. Auxiliar de conversa:

Temos un auxiliar de conversa compartido co CEIP San Xoán de Filgueira, Dº Jacob Mitchell Schechtman.

a) Funcións:

- Axudar ao profesor titular ou profesores titulares.
- Axudar fundamentalmente a reforzar as destrezas orais dos alumnos.

b) Tarefas:

- Practicar as destrezas orais cos alumnos.
- Ensinar aspectos da súa cultura.
- Axudar no aula de informática e de audiovisuais.

c)Tarefas voluntarias:

- Participar na realización de actividades extraescolares: culturais, deportivas, excursións, viaxes de estudos, intercambios escolares, etc.
- Formación lingüística dos profesores do centro.
- Elaboración de materiais didácticos para a súa aplicación na aula

9. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES, BIBLIOTECA E FORMACIÓN

9.1. Equipo Actividades Complementarias (recollido no punto 4)

A coordinadora, M^a Luisa Pita Rubido, emitirá informes periódicos, por escrito ou a través do correo electrónico sobre as actividades que son ofertadas para que sexan estudadas polos equipos, logo trataranse nas xuntanzas da CCP.

O departamento, en colaboración co profesorado e alumnado do centro, organizará actividades para celebrar as seguintes festas e datas que indica o calendario escolar* (páxina 19).

– De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Algunhas destas actividades serán planificadas a nivel de centro e outras serán traballadas en cada titoría dun xeito máis individual.

No presente curso escolar vanse realizar as seguintes actividades que, a continuación, se detallan por ciclos e departamentos.

EDUCACIÓN INFANTIL

- No primeiro trimestre, o 21 de novembro assistiremos na Casa da Cultura ao espectáculo musical "Cantaxoga" de Migallas.
- No segundo trimestre temos previsto asistir a unha exposición de fotografía no Peirao de Trasatlánticos da cidade da Coruña, como xa fixemos o curso pasado coas exposición "Meisel". Nesta saída aproveitaremos para visitar un parque da cidade e volver despois de xantar.
- No terceiro trimestre, o día 4 de xuño; visitaremos o zoolóxico Marcelle Natureza, onde pasaremos o día e voltaremos tras rematar a visita ás 17h. Tamén, dentro do proxecto mediambiental do terceiro trimestre, tentaremos facer a saída á praia ao longo dunha mañá.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º CICLO PRIMARIA

Dende o 1º ciclo temos programado facer unha saída por trimestre aínda sen determinar que terá relación coa programación didáctica a desenvolver.

Temos previsto facer unha excursión de fin de curso no mes de xuño ao parque Marcelle Natureza, así coma unha saída a contorna da praia da Frouxeira.

Ao longo do curso participaremos activamente en todas as actividades complementarias propostas polas diferentes equipas do centro: EDL, Extraescolares e Biblioteca, así coma as actividades culturais que nos poidan ofertar dende o concello de Valdoviño.

2º CICLO PRIMARIA

Actividade Descrición: O curso de terceiro participa, xunto aos outros cursos da escola, nas celebracións de obrigado cumprimento que especifica o calendario escolar anual.

- Celebracións do centro escolar.
- As saídas organizadas por nivel ou como ciclo, en función dos intereses do momento: proxectos de ciencias na maioría dos casos. Visitas as praias do contorno.
- Saídas. A proximidade á Casa da Cultura, á Biblioteca Municipal e ao Museo do Surf, facilitan que poidamos achegarnos a participar en moitas das actividades alí realizadas e, incluso, que dende alí organicen actividades para nós en función dos nosos intereses.
- Visitas á Casa da Cultura, Biblioteca Municipal e Museo do Surf.
- O calendario escolar marca unha serie de festas Magosto, samaín, antroido e maios. que todos os anos celebramos nos centros escolares. - Participación no proxecto de centro.

3º CICLO PRIMARIA

As actividades extraescolares propostas e previstas para este curso escolar 2023-24 no Terceiro Ciclo de Primaria son as seguintes:

- Saídas a cursos de vela e surf.
- “Milla Urbana”
- Saída á “Fundación Caixa Galicia” (Ferrol). Representación dunha obra de teatro en galego.
- Camiño de San André, por etapas.

- Baixada á praia.
- Saídas relacionadas coa contorna.
- Saídas en bici como parte da actividade de E.F.
- Saída á Estación Meteorolóxica de Compostela. (6º curso).
- Teatro con G. (Ferrol).
- Actividades que se ofrezan por parte do Concello, na Aula de Cultura.
- Saídas de final de curso 6º: acampada prevista para dous ou tres días.(SEN DECIDIR LUGAR 6º)
- Saída de final de curso 5º: “Parque Acuático de Cerceda.”

As saídas de fin de curso no momento da elaboración deste documento aínda non estaban decididas.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

O Departamento de Lingua Galega e Literatura colaborará estreitamente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e co Equipo de Biblioteca na organización das actividades de fomento do galego e de conmemoración de datas sinaladas que se desenvolvan no centro durante o presente curso 2023-2024.

Ademais, de xeito máis concreto, intentará desenvolver as seguintes actividades:

- Participación en certames literarios convocados dentro e fóra do centro. Procurarase combinar a creación literaria cos recitais poéticos, co fin de traballar non só a escrita, senón tamén a oralidade en lingua galega.
- Asistencia e participación nalgún concerto de música en galego, como por exemplo o festival "A mocidade coa lingua", organizado anualmente pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.
- Visualización de películas en galego. Trataríase de asistir ao cine para ver algunha película dobrada ao galego ou de produción galega, sempre que a carteleira o permita.
- Charlas-coloquio de escritores/as galegos/as, actores/actrices, contacontos, “youtubeiros/as” ou persoeiros destacados da cultura galega.
- Asistencia ao teatro, en caso de xurdir algunha representación dunha obra galega nun lugar e data axeitados. De poder ser, daríámoslle preferencia a obras que desterran prexuízos lingüísticos, como é o caso de *Bicos con lingua*, *Pelos na lingua* ou *A parábola do angazo*, de Talía teatro. Tamén sería interesante para os cursos superiores (especialmente 4º ESO) poder asistir a algunha obra

clásica dalgún autor estudado nas aulas, como por exemplo *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Non se desbota tampouco a idea de formar un grupo de teatro propio co que alumnado poida participar no festival “Teatro con G” organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

– Visita a algunha das casas-museo dos/as autores/as estudados en 3º e 4º ESO. Neste caso, a escolla dependería das posibilidades de realizar outras actividades no lugar visitado en colaboración, se fose necesario, con outros departamentos (por exemplo, visitar a casa de Pondal se o Departamento de Sociais organizase tamén unha visita ao dolmen de Dombate ou ao castro de Borneiro, ou ver a casa-museo de Rosalía de Castro e ao mesmo tempo aproveitar para visitar Santiago de Compostela).

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

Na materia de Lingua e Literatura Castelá:

Saídas ao teatro no colexio Salesianos San Juan Bosco de A Coruña:

- 22 de febreiro de 2024: La vuelta al mundo en 80 días para 1º e 2º de ESO.
- 8 de abril de 2024: La casa de Bernarda Alba para 3º e 4º de ESO.

Posibles saídas a Padrón á Fundación Camilo José Cela, a Vilanova de Arousa á Casa Museo de Valle-Inclán aínda por determinar ou a Coruña á Casa Museo de Emilia Pardo Bazán.

Participación en diversos concursos literarios se é factible.

No Ámbito Sociolingüístico do PDC:

Os alumnos poderán participar nas actividades programadas dos departamentos de Lingua e Literatura Galega, Xeografía e Historia e Lingua e Literatura Castelá.

Na materia de Latín:

- Visualización de calquera película que teña como temática ou ambientación a antiga civilización romana.
- Asistencia a algunha obra de teatro adaptada de clásicos latinos, sempre que xurda a oportunidade e o permitan o desprazamento e as datas.
- Visita ás murallas de Lugo, ao Museo Provincial de Lugo, ao castro de Viladonga, ao campamento romano de Sobrado dos Monxes, ou a calquera outra manifestación da pegada romana en Galicia, en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia.
- As mesmas saídas que se fan na materia de Cultura Clásica de 3º de ESO.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Desde o departamento de Educación Física plantéxanse as seguintes actividades de carácter complementario e extraescolar para o curso 2023/2024. A programación das mesmas pode sufrir algunha modificación que será notificada nas comisións de coordinación pedagóxica e clasutros. Con carácter xeral, priorizaranse aquelas que se desenvolvan ao aire libre, nas contornas naturais e en colaboración con outros departamentos.

ACTIVIDADE	CURSO	TRIMESTRE	DATA
SAÍDAS AO MEDIO NATURAL PRÓXIMO AO CENTRO	TODOS	TODOS	AO LONGO DO CURSO
GRAPPLING	1º ESO	PRIMEIRO	OUTUBRO
INICIACIÓN AO BALONMÁN	2º ESO	PRIMEIRO	OUTUBRO
MAGOSTO E XOGOS POPULARES	TODOS	PRIMEIRO	NOVEMBRO
XINCANA DE NADAL	TODOS	PRIMEIRO	DECEMBRO
INICIACIÓN AO TIRO CON ARCO	1º ESO	PRIMEIRO	NOVEMBRO
SEMANA BRANCA 2024	2º, 3º E 4º	SEGUNDO	XANEIRO
XORNADAS DE XADREZ	TODOS	SEGUNDO	FEBREIRO/MARZO
VISITA BASQUEMI FERROL	1º ESO	SEGUNDO	XANEIRO
MULTIAVENTURA ASTURIAS	1º ESO	TERCEIRO	ABRIL/MAIO
XOGAMOS AO MAR	3º E 4º ESO	TERCEIRO	XUÑO
RAFTING E PAINTBALL 2024	3º E 4º ESO	TERCEIRO	XUÑO
BAUTISMOS DE SURF	1º E 2º ESO	TERCEIRO	XUÑO
ORIENTACIÓN DEPORTIVA	3º E 4º ESO	TERCEIRO	MAIO
XORNADAS DE ESCALADA	4º ESO	TERCEIRO	MAIO/XUÑO
CAMIÑO DE SANTIAGO	4º ESO	TERCEIRO	XUÑO

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Concerto didáctico na casa da cultura de Valdoviño no mes de novembro.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

- Visita a Sotavento. Parque eólico experimental e casa domótica bioclimática no segundo trimestre para alumnado de 3º e 4º de ESO de tecnoloxía.
- Concurso galego de robótica en A Coruña para alumnado de 3º de ESO de Dixitalización e de 4º de ESO de Tecnoloxía.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No 2º trimestre, e co alumnado de 4º da ESO, farase unha saída aos IES da zona.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Non hai prevista ningunha actividade a principio de curso. Aínda así, queda aberto no caso de considerala necesaria e, sobre todo, axeitada á realización dalgunha actividade ao longo do curso. A principal razón para non ter prevista ningunha actividade é a falta de tempo para cumprir a programación e a cantidade de actividades que se fan durante o curso.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

CURSO	ACTIVIDADE	DATAS PREVISTAS
1º ESO	Visita á Lagoa da Frouxeira. Observación e identificación de flora litoral e de aves coa SGHN.	Meses de decembro e marzo (datas por definir)
	Visita de zonas de interese xeolóxico dentro do Xeoparque Cabo Ortegal	3º trimestre (data por definir)
3º ESO	Visita de zonas de interese xeolóxico dentro do Xeoparque Cabo Ortegal	2º trimestre (data por definir)
4º ESO	Visita de zonas de interese xeolóxico dentro do Xeoparque Cabo Ortegal	2º trimestre (data por definir)

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Dende a materia de Física e química estou tratando de visitar con 4º de ESO o CIQUS (de non admitirnos para esta visita tratarei de levar ao alumnado de 4º ao CICA). Tamén solicitei a visita á DOMUS, a facer a actividade “Como se desenrolan os fármacos” dentro do programa “Laboratorio aberto”.

En colaboración co Departamento de Tecnoloxía estase organizando a visita a Sotavento co alumnado de 3º ESO.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

1º trimestre: visita ao belén da orden terceira (1ºe 2º ESO).

2º trimestre: visitar a xente maior.

3º trimestre: marcha a San Andrés (3º e 4º ESO).

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

Materia de Xeografía e Historia

1º ESO

Visita ao Museo de Prehistoria de Vilalba

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.



- Valorar os restos do Neolítico e a Idade dos Metais como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte do Neolítico e da Idade dos Metais, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Vilalba

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entrada museo.

• Profesorado responsable: docente de 1º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Pedregal da Irimia, Castro de Viladonga e Lugo

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do Neolítico e a Idade dos Metais, da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte do Neolítico e da Idade dos Metais, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Zona de Lugo

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 1º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Proxecto Terra

• Obxectivos

- Coñecer a realidade de hábitat e arquitectura galegas

- Coñecer as diferenzas entre os ámbitos rurais e urbanos do noso territorio.
- Coñecer as diferenzas entre o noso territorio e outros territorios, tanto dentro da comunidade autónoma, como fóra dela.
- Entender a arquitectura como parte integrante da identidade cultural galega en particular, e de todos os pobos en xeral.
- Data: por determinar, probablemente terceiro trimestre.
- Lugar de realización: segundo o programa concedido
- Repercusións económicas: segundo o programa concedido
- Profesorado responsable: calquera do departamento

2º ESO

Visita a un castelo, como pode ser o de Moeche, Vimianzo, Soutomaior ou Pambre

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.
 - Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.
 - Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.
- Data: 3º trimestre
- Lugar de realización: Moeche, Terra de Soneira ou Lugo – A Ulloa
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.
- Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Mosteiro de Carboeiro (Silleda)

- Obxectivos



- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Silleda

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo do Pobo Galego de Compostela e a zona antiga da cidade

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º trimestre

• Lugar de realización: Santiago de Compostela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo do Etnográfico da Capela

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do pasado, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte e os restos etnográficos locais, entendendo que moitos perviven nos nosos días, e que deben ser recordados e preservados para coñecer o noso pasado e saber de onde vimos.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º - 3º trimestre

• Lugar de realización: A Capela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

3º ESO

Visita ao Parlamento de Galicia e outros monumentos da cidade compostelá

• Obxectivos

- Comprobar in situ o funcionamento do Parlamento Galego, eixo vertebrador da vida política galega.

- Coñecer as instalacións, tempos de intervención, medios para facelo... dos que dispoñen os e as parlamentarias galegas.

- Recoñecer as características dunha sociedade democrática e seus mecanismos de funcionamento.

- Comprender a importancia do Estatuto Galego e contextualizalo historicamente.

• Data: Segundo trimestre

• Lugar de realización: Santiago de Compostela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento.

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita a algunha instalación relacionada con algún dos sectores económicos (explotación agrogandeira, factoría Citroën Vigo, gran hipermercado...)

• Obxectivos



- Recoñecer as actividades produtivas que forman parte dos distintos sectores produtivos.
- Describir as características das distintas fases de produción e distribución dos bens e servizos.
- Recoñecer os elementos que interveñen en ditos procesos.
- Recoñecer a importancia da industria no seu entorno máis achegado ou, no seu defecto, na comunidade autónoma.

- Data: 3º trimestre
- Lugar de realización: Vigo, bisbarra de Arzúa...
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao centro de interpretación da Batalla de Rande, Meirande e ao Museo do Mar de Vigo

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar a importancia do mar na nosa comunidade tanto no pasado coma no presente.
 - Coñecer as distintas artes de pesca e o desenvolvemento destas no tempo.
 - Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.
- Data: 2º trimestre
- Lugar de realización: Vigo e arredores
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

4º ESO

Visita á Illa de San Simón, e cidade e museos de Vigo

- Obxectivos
 - Recoñecer os lugares destacados da comunidade autónoma a nivel histórico recente.

- Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e as consecuencias da derrota republicana.

- Analizar e valorar a arte das vangardas en España e Galicia.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Vigo.

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo Naval de Ferrol

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Moderna e Contemporánea, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte moderna, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º trimestre

• Lugar de realización: Ferrol

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita a museos situados nas distintas cidades de Galicia

• Obxectivos

- Analizar e valorar a arte da Idade Contemporánea en España e Galicia.

- Valorar a arte, como fonte fundamental que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte contemporánea, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Data: 3º trimestre
- Lugar de realización: Ferrol, A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra...
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entrada museo.
- Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Materia de Cultura Clásica

Visita aos restos romanos da cidade de Lugo e arredores (Santa Eulalia de Bóveda)

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.
 - Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.
 - Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.
 - Coñecer lugares destacados da xeografía galega.
- Data: 2º trimestre
- Lugar de realización: Lugo
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Centro de Interpretación Caldoval de Mugaros

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.
 - Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.
 - Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.
- Data: 1º - 3º trimestre
- Lugar de realización: Mugardos
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Actividade de recreación histórica a mans da Asociación Gallaecia Viva

- Obxectivos
 - Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.
 - Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.
 - Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.
 - Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.
 - Coñecer lugares destacados da xeografía galega.
- Data: 1º - 3º trimestre
- Lugar de realización: no propio centro
- Repercusións económicas: Custo da actividade
- Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Materia de Economía

Visita a algunha empresa da contorna como pode ser Pull & Bear, ou algunha outra de índole social

- Obxectivos
 - Recoñecer as actividades produtivas que forman parte dos distintos sectores produtivos.
 - Describir as características das distintas fases de produción e distribución dos bens e servizos.

- Recoñecer os elementos que interveñen en ditos procesos.
- Recoñecer a importancia da industria no seu entorno máis achegado ou, no seu defecto, na comunidade autónoma.
- Data: ao longo de todo o curso
- Lugar de realización: Ferrolterra
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Materia de Proxecto Competencial

Visita á Cociña Económica de Ferrol, algún centro xeriátrico, protectora animais...

- Obxectivos
 - Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións.
 - Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos.
 - Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz.
 - Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.
 - Desenvolver o espírito crítico e argumentativo.
- Data: ao longo de todo o curso
- Lugar de realización: Ferrolterra
- Repercusións económicas: Custo do desprazamento
- Profesorado responsable: docente de 1º - 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Inicialmente, non se programa ningunha actividade complementaria aínda que, ao longo do curso, poderase participar en aquelas organizadas a nivel de centro.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

- Día da Francofonía: é a intención deste departamento acudir cos alumnos de francés á xornada da

francofonía en Galicia que prevemos que se celebrará ou ben na semana da francofonía (ao redor do 20 de marzo que, no ano 2024, coincide na derradeira semana do 2º trimestre, previa ás vacacións de Semana Santa), ou ben xa no 3º trimestre tal e como sucedeu o curso pasado que, á marxe da data oficial conmemorativa do día da francofonía, se celebrou o 8 de maio. Por suposto, tanto a nosa asistencia coma a elección dos grupos de alumnos asistentes, dependerán en primeiro lugar, de que a xornada sexa organizada e se realice, e ademais, da dispoñibilidade das datas no noso centro. En principio a actividade está pensada para alumnos de 3º e 4º de ESO, coa posibilidade de acudir tamén os de 2º curso.

- Teatro: este departamento estará atento á oferta de representacións teatrais en francés ou bilingües galego/francés, castelán/francés que teñan lugar na nosa contorna ou media distancia, promovidas tanto por compañías privadas coma por institucións públicas. No mes de setembro aínda non dispoñemos desta información.

Do mesmo xeito, valorarase a idoneidade, adecuación e calidade pedagóxica de calquera iniciativa relacionada coa difusión da cultura, da literatura ou da arte francesa que teña lugar a pequena ou media distancia do noso centro educativo.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Realizarase unha excursión a Betanzos para visitar o Museo da Estampa Contemporánea con 4º ESO. Tamén se levarán a cabo visitas a distintas exposicións de arte que poidan xurdir.

9.2. Organización e funcionamento da biblioteca

O organización e funcionamento da biblioteca está recollido de maneira pormenorizada no “Proxecto Biblioteca Escolar 2023-24 CPI Atios Valdoviño” A biblioteca ten como responsable a María Sonia Corral Almeida, e o seu horario de apertura coincide co dos recreos de primaria e secundaria. O horario de uso da biblioteca por parte do profesorado cos seus alumnos é o mesmo co horario lectivo do colexio, e dicir, das 9:35h a 15:05 h.

A continuación presentamos un cadro resumo sobre as súas liñas de actuación.

EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	Rexistrar os libros no programa Meiga, e deixar xa o programa ABIES. Continuar co expurgo de libros. Implicar o todos os departamentos e ciclos.
DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	A biblioteca contará cun apartado na nova páxina dinámica do centro e o blogue da biblioteca. Recomendarase o uso dos ebooks e dos ordenadores da biblioteca para busca de información e como material de lecer. A biblioteca contemplará o equilibrio no traballo das competencias clave aínda que a nosa prioridade será a competencia lingüística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e competencia dixital.
FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL	Comezarse o curso coas actividades de <i>xogos de pistas</i> en grupo para a familiarización da nova ubicación dos recursos, os distintos formatos.

Este proxecto é un modelo seguido polo do ano pasado e con poucas novidades, porque cremos que as actividades téñense que afianzar e aínda que cada curso aparecen novidades que se adaptan nas lecturas, na creación de libros, na busca de información ... a liña prioritaria de actuación é a mesma que a do curso pasado, cando empezamos a formar parte de feito do grupo PLAMBE e que está a marcar unha referencia no centro en canto á biblioteca como recurso de información, de novidades, de actividades creativas e de oralidade para toda a comunidade.

7.1. Plan de formación

7.1.1. Análise e diagnóstico da situación do centro

O CPI de Atios, coa finalidade de mellorar a práctica docente e os procesos de ensinanza-aprendizaxe, levamos, dende hai xa trece anos, desenvolvendo Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). No curso actual seguiremos traballando un novo plan de formación.

Nos últimos anos, foron moitos os esforzos que dende o centro se están a levar a cabo para introducir as TIC's como unha realidade diaria nas aulas, para conseguir a inclusión de todo o noso alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (neae) e para favorecer a potenciar a formación de todos os compoñentes do claustro.

Dende o ano 2010 somos un centro Abalar e hoxe por hoxe contamos con catorce aulas equipadas con estes recursos, no 3º ciclo de EP e en todos os niveis da ESO.

Ademais disto, todas as aulas de primaria e infantil contan con pizarras dixitais dende o curso pasado. Este é un síntoma inequívoco do compromiso e implicación do profesorado co uso e manexo das novas tecnoloxías, xa que consideramos que son unha ferramenta imprescindible na práctica docente.

Necesidades formativas detectadas

Para detectar as necesidades de formación do claustro utilizáronse diferentes instrumentos. Elaboráronse dúas enquisas dirixidas a coñecer explicitamente as necesidades de cada mestre/a e de cada ciclo ou etapa educativa.

Os intereses, necesidades e inquietudes do profesorado van dirixidas claramente a dous aspectos: por un lado o uso, aplicación e utilización de diferentes recursos TIC's así como a programación LOMLOE, debido fundamentalmente a necesidade de programar por competencias como marca a nova lexislación e empregando a aplicación PROENS da Consellería.

Por outra banda, temos a necesidade de formarnos nos uso das TIC's debido á implantación dentro das aulas de pizarras dixitais, xa que estes son recursos descoñecidos nalgúns casos para algúns mestres/as, polo que as necesidades de formación son básicas, e noutros casos, tamén contamos con profesorado que quere profundar e rentabilizar a aplicación destes recursos.

Son moitos xa os mestres/as que utilizan a aula virtual como unha ferramenta diaria de traballo e apoio co alumnado, polo que consideramos imprescindible seguir coa formación neste ámbito, tanto de iniciación para aqueles mestres/as que queren coñecer esta aplicación, coma de perfeccionamento para aqueles que xa a utilizan habitualmente.

O uso e creación de blogues tamén aparece dentro dos intereses do profesorado, como propio contido curricular e ferramenta do alumnado. Consideramos que a páxina web dinámica coa que contamos, podemos melloralas e sacarlle moito máis partido, polo que tamén hai profesorado interesado en formarse neste aspecto e implicarse na súa aplicación.

Outra necesidade de formación está relacionada cun cambio metodolóxico a nivel curricular que xa dende o ano pasado se está levando a cabo en primaria, xa que estamos apostando por unha metodoloxía por proxectos, encamiñada a consecución das competencias básicas.

Os cambios na normativa en materia de educación provocan que o profesorado demande formación neste ámbito, tanto na actualización das programacións, no deseño de tarefas integradas para acadar as competencias clave coma na avaliación destas competencias.

A evolución das TIC, así coma a implantación progresiva do Libro dixital nos distintos niveis, crean a necesidade entre o profesorado de formarse tanto nas novas ferramentas web, coma na creación de contidos para o libro dixital e para a Aula Virtual do centro.

Outra necesidade detectada, foi a referida á formación en estratexias de traballo cooperativo, xa que un dos nosos obxectivos a nivel de centro é garantir a inclusión de todo o alumnado e esta estratexia parécenos moi útil para conseguilo.

O profesorado do centro mostra moito interese no Coñecemento do Entorno para aplicalo de xeito interdisciplinar nas aulas (xeografía, historia, ciencias naturais, bioloxía) usando as novas tecnoloxías de información e comunicación (xeolocalización, rutas xeoreferenciadas, elaboración de itinerarios e rutas para usar cos dispositivos móbiles..)

Demándase tamén continuar coa formación nos sistemas de catalogación dos fondos bibliográficos (MEIGA) co obxectivo de implicar e motivar ao alumnado non só no apaixonante mundo da lectura, senón tamén no empréstito e como fonte de suxestións para a adquisición de novos fondos.

O noso centro está moi interesado en participar en programas europeos de mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe para coñecer outras metodoloxías que se están aplicando en Europa e ver a posibilidade de aplicalas nas nosas aulas. Este é o motivo polo que desexamos actualizarnos e profundizar na terceira lingua(inglés) para mellorar a competencia lingüística do profesorado para transmitila ao alumnado.

Unha proposta de cara o vindeiro curso continuar co desenvolvemento dunha canle de televisión educativa para abordar a competencia comunicativa-lingüística, polo que a formación en canto a uso e manexo de imaxes tamén é fundamental.

Asemade, unha porcentaxe importante do claustro considera necesaria a elaboración de materiais didácticos propios, axustados ás características do noso alumnado, ás estratexias metodolóxicas que estamos implantando nas aulas así como ás súas posibilidades de comunicación.

7.1.2. Liñas de formación:

Para este curso o plan de formación vai ter como referente as seguintes liñas de traballo:

- Programar a través do novo currículo, escola inclusiva e atención á diversidade.
- Convivencia positiva e hábitos de vida saudable, competencia en saúde, seguridade e benestar.
- Polos Creativos, uso das TIC para a creación de recursos da aula.
- Proxecto de internacionalización no centro.
- Metodoloxías activas e propostas de aprendizaxe competencial.
- Ensino coa lingua de signos, escola inclusiva e atención á diversidade.

7.2. Proxectos e Plans

a.- Proxecto Biblioteca, configurar o equipo para a informatización de fondos e actividades de dinamización. Continuar co programa MEIGA.

b.- Proxecto Comedor Escolar, implicar a toda a comunidade educativa na implantación de hábitos alimenticios saudables.

c.- Proxecto Actividades complementarias e extraescolares, configurar o equipo e preparar actividades para desenvolver nas datas oportunas sinaladas.

d.- Proxecto Páxina Web, manter actualizados os datos do centro, da administración, dos diferentes equipos, das actividades do centro, das bases de datos e aquela información que a ANPA nos procure..

e.- Proxecto Plan de Formación Permanente en Centros, queremos participar no mesmo para dar ao noso profesorado unha formación actualizada e individualizada segundo as súas necesidades.

f.- Proxecto de Seccións Bilingües: consideramos necesario este proxecto coa finalidade de preparar ao noso alumnado cun nivel de dominio en lingua estranxeira de acordo cunha sociedade cada vez máis cosmopolita, plurilingüe e aberta culturalmente. Temos concedidas a sección bilingües para a materia de Plástica de 1º e 2º curso de EP e para Matemáticas de 3º de ESO.

g.- Proxecto E-DIXGAL: Tendo en conta a realidade que nos toca vivir, o noso entorno sociocultural, as propias características do noso centro e a singularidade do noso alumnado, consideramos que un proxecto como este podería servir de axuda e impulso para solventar algunhas das nosas necesidades e obxectivos a longo prazo.

En primeiro lugar consideramos imprescindible potenciar e rendabilizar ao máximo os recursos do Proxecto Edxigal. Por outro lado, dende o centro consideramos que a escola debe entenderse como

una compensadora das desigualdades sociais, e nun entorno rural coma o noso, a brecha dixital é moi acusada en moitas das nosas familias.

Outro factor a ter en conta está relacionado co cambio metodolóxico que nos últimos anos estamos a vivir no centro. Xa dende os primeiros niveis de primaria estamos a desvincularnos progresivamente dos libros de texto a través dunha metodoloxía.

h.- Proxectos Europeos: Continuamos a nosa participación nos programas de intercambio europeo, Consideramos moi importante os intercambios de experiencias educativas con outros países europeos polo enriquecemento que xeneran.

Nos próximos anos queremos continuar con estas experiencias.

i.- Contrato Programa: Inclúe-T (para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes) e Innova (para fomentar a innovación educativa).

j.-Club de Ciencia: CPI de Atios leva anos participando no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Este proxecto vai dirixido ao alumnado de 5º EP, 6º EP e ESO, e ten como finalidade a divulgación da ciencia ao alumnado dende as experiencias prácticas.

k.-Plan Proxecta: Hábitos saudables. Dende a área de Educación Física se promove este proxecto e se pretende que impregne a todo o centro, a todas as materias e a todo o alumnado que se lle ofrezca. Intentarase coñecer a contorna máis próxima, así como as súas posibilidades de acción e coidado da mesma, fomentar hábitos alimentarios saudables para a vida presente e futura e mellorar os hábitos saudables de toda a comunidade educativa.

l.-Polos creativos. Os polos creativos son un elemento clave para a transformación dixital dos centros educativos en organizacións dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, e como tal representarán unha das infraestruturas esenciais previstas no Plan dixital de centro para acadar este obxectivo.

8. MODIFICACIÓNS E OBSERVACIÓNS AO PEC.

O proxecto educativo de centro será revisado este curso académico e terá vixencia ata o curso 2025/26.

9. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA

A realización do plan de lectura anual elaborase partindo do plan lector centro e xustifícase no feito de que dende o ano 2011 este curso queremos renovarlo, tamén formamos parte do Proxecto de Mellora de BE e do uso que facemos da "Hora de Ler". O CPI de Atios- Valdoviño dispón de 20' despois do recreo para a "Hora de Ler" en primaria e os itinerarios lectores que forman parte de cada materia en secundaria, a biblioteca foi amplamente reformada pasando a ser centro de información e de recursos, con mediateca e cun Equipo de Dinamización estable.

Este plan de lectura anual pode consultarse na páxina web do centro no seguinte enlace

edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=system/files/plan_anual_biblio_23_e_24.pdf

Os distintos departamentos e ciclos parten en moitas das súas actividades da biblioteca coa que se coordinan, hai proxectos integrados no primeiro ciclo de primaria e participamos e celebramos efemérides nas que colaboran o equipo de Dinamización da Lingua Galega, equipo de Actividades Complementarias e o equipo TIC e forman parte das celebracións de todo o centro.

Así pois, era necesario reconsiderar e unificar estas actividades nun proxecto común que se materializará no PLA.

O alumnado realiza prácticas de lectura e escritura partindo das actividades que se propoñen dende os equipos da biblioteca, dinamización lingüística e actividades extraescolares. Estas prácticas exhibense no centro como resultado final da temática proposta polos equipos. A biblioteca fai exposición de material sobre esa temática, facilita material ao profesorado e canaliza as actividades.

Celébranse no centro efemérides como o Samaín, o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Día da Paz, o Antroido, o Día do Libro, o Día da Poesía, o Día das Letras Galegas...así mesmo tratamos de formar ao alumnado na busca de información, na lectura da prensa, formación documental e ocupámonos de facilitar o uso da lectura ao alumnado con NEE.

O alumnado traballa na súa aula por ciclos coas bibliotecas de aula e tamén con todas estas actividades que se lle propón ao profesorado dos distintos ciclos e departamentos ademais de que cada materia ten recomendación a través do seu propio itinerario lector

Os obxectivos que tentamos acadar son os seguintes:

- Despertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar e fóra del.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de satisfacción persoal.
- Fomentar no alumno/a, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante a sociedade.
- Valorar e respectar a lingua galega como lingua vehicular do centro

10. PLAN DIXITAL E INTEGRACIÓN DAS TICS

Tendo en conta que as novas tecnoloxías da información e da comunicación son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema escolar non quede alleo ao que acontece cos novos medios.

O modo en que funcionan e para que son utilizadas as novas tecnoloxías na aula aportan valiosas innovacións en canto á forma de representar, expresar, coñecer, cuestionar...o coñecemento e as formas de aprendizaxes de profesorado e alumnado.

O que debemos ter presente é que o tratamento que se lle dará aos novos medios implicará unha mellora en todas as materias sexa un nivel educativo o outro, respecto ao noso Centro, infantil, primaria ou secundaria, isto é, de modo globalizado.

As novas tecnoloxías aportarán beneficios facilitando o traballo cooperativo, a motivación do noso alumnado, unha fonte de adquisición de información... e polo tanto requiren a preparación do profesorado, de aí a importancia de formación neste ámbito.

Con todo isto as TIC pasan a ser un instrumento indispensable nos Centros Educativos, todo un mundo se abre ante nós grazas a Internet, podemos acceder a enciclopedias, foros, webs, blogs...recibimos información, pero tamén é importante ensinar aos rapaces e rapazas, os posibles problemas da Rede, deste modo, debemos preparalos para un uso seguro e eficaz de Internet.

O noso centro está dentro da rede de centros Abalar polo que consideramos esencial este plan para o seu óptimo desenvolvemento.

Os obxectivos para este curso académico son os seguintes:

- Adquirir competencias dixitais relacionadas co traballo organizativo do centro.
- Utilizar as ferramentas dixitais para mellorar a eficacia e a eficiencia dos procedementos administrativos e relacionados coa comunicación.
- Mellorar a competencia dixital dos docentes de acordo co nivel de competencias dixitais europeos.
- Utilizar as TICs como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización da información que delas poida sacar e da formulación pedagóxica que para elas teña
- Saber consultar información na rede, tanto de temas de investigación profesional como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas xerais do centro: programacións, memorias, plans, situacións de aprendizaxe, xestión académica
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos
- Utilizar internet e as redes sociais con responsabilidade, informando dos riscos e minimizándoos con información específica.
- Evitar a fenda dixital que pode causar a situación actual entre os estudantes con recursos e os que non os teñen
- Manter e mellorar as vías de comunicación virtual do centro.
- Manter e mellorar a páxina web e as redes sociais do centro como medio difusor de información que sexa relevante para o centro. Crear unha imaxe positiva do uso de ferramentas dixitais para a aprendizaxe.
- Utilizar de forma efectiva as ferramentas de xestión do centro que nos ofrece a Consellería de Educación
- Garantir na contorna virtual do centro a protección de datos de todos os seus usuarios. Mellorar a dotación informática da área administrativa para unha mellora na eficiencia das xestións.
- Dispor dunha asistencia técnica eficaz para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro.

10. ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

10.1. Información respecto da lingua materna e as actividades e estratexias de aprendizaxe.

A) Lingua materna

Unha vez realizada a pregunta ás familias con fillos e fillas en Educación Infantil, o resultado é que, maioritariamente utilizan o castelán coma primeira lingua.

Deste xeito, na etapa de Educación Infantil utilizarase como lingua vehicular aquela na que se expresa o alumnado cando se incorpora ao centro.

Segundo a lei prevé, haberá unha atención individual e personalizada para todos e cada un dos alumnos e alumnas.

Porén, o profesorado imparte parte dos contidos das áreas e materiais en galego, coa finalidade de lograren o obxectivo de equilibrar ámbalas dúas linguas ata acadar o 50 %.

No horario de Lingua Estranxeira facilitaráselles actividades e materiais na lingua que se imparte.

13.2. Decisión ao respecto da lingua en que se imparten as materias

13.2.1. Educación Primaria

Como estipula o **Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, impártese en galego a materia de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais e, en castelán, as Matemáticas.

O citado decreto establece que o resto das materias impartiranse en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

No presente curso 23-24, coa aplicación da nova lei educativa (LOMLOE), será necesario aplicalo ás novas materias, quedando reflectido nesta Addenda. Deste xeito, o reparto é o que segue:

MATERIAS	CURSOS/IDIOMA/HORAS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
CC da Natureza	G 3	G 2	G 3	G 2	G 3	G 2
Ciencias Sociais	G 2	G 3	G 2	G 3	G 2	G 2
Lingua Castelá	C 4	C 4	C 4	C 4	C 4	C 4
Matemáticas	C 5	C 5	C 4	C 4	C 4	C 4
Lingua Galega	G 4	G 4	G 4	G 4	G 4	G 4
L. E. Inglés	C 2	C 2	C 3	C 3	C 3	C 3
Educación Física	G 2	G 2	G 2	G 2	G 2	G 2

Rel. / Proxec. Compt.	C 1	C 1	C 1	C 1	C 1	C 1
Ed. Plástica e Visual	G 1	G 1	G 1	G 1	G 1	G 1
Música e danza	G 1	G 1	G 1	G 1	G 1	G 1
Ed. Val. Cívicos/Éticos	----	----	----	----	----	G 1
GALEGO / CASTELÁN	13/12	13/12	13/12	13/12	13/12	13/12

13.2.2. Educación Secundaria

Na ESO impártense en galego: Ciencias da Natureza, Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía. En castelán: Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía.

O **Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** establece, tamén nesta etapa, que o resto das materias se impartirán en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas. Deste xeito, a lingua en que se imparten as materias está relacionada no cadro seguinte:

MATERIAS	CURSOS/IDIOMA/HORAS			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e Xeoloxía	G 3	----	G 2	G 3
Xeo e Historia	G 3	G 3	G 3	G 3
Lingua Castelá	C 3	C 4	C 3	C 3
Matemáticas	C 4	C 4	C 4	C 4
Física e Química	----	C 3	C 2	C 3
Lingua Galega	G 4	G 3	G 3	G 3
Inglés	C 3	C 4	C 3	C 3
Educación Física	G 3	G 2	G 2	G 2



Relixión	G 1	G 1	G 1	G 1
Proxecto competencial	G 1	G 1	G 1	G 1
Titoría	G 1	G 1	G 1	G 1
Ed. Plástica, Visual	C 2	----	C 2	----
Ed. Musical	----	G 2	G 2	G 3
Cultura Clásica	----	----	G 3	----
Oratoria	----	----	C 3	----
Francés	C 2	G 2	C 3	C 3
Tecno e dixitalización	C 3	C 3	----	----
Tecnoloxía	----	----	----	C 3
Ed. Dixital	----	----	C 3	----
Ed. Valores Cívicos	----	----	G 1	----
Dixitalización	----	----	----	G 3
Exposición Artística	----	----	----	C 3
Economía e emprendem.	----	----	----	G 3
Latín	----	----	----	C 3
GALEGO / CASTELÁN	16/17	15/18	17/14	19/20
			14/17	20/19
			14/17	

Ámbito Científico-Tecnolóxico 4º ESO PDC impartirase en lingua castelá así mesmo o Ámbito Sociolingüístico de 4º ESO PDC ao estar integrado polas materias: Lingua Galega, Lingua Castelá e Ciencias Sociais impartirase tanto en galego coma en castelá na proporción correspondente derivada do artigo 7 do citado decreto.

Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente, o profesorado que, segundo a normativa vixente, imparte en castelán as materias do ámbito científico-matemático, colaborarán neste proxecto preparando actividades de ampliación que faciliten o coñecemento da linguaxe matemática e do vocabulario científico-técnico. Estas actividades terán como obxectivo acadar en cada etapa educativa a competencia lingüística en galego referente a este ámbito, que lle permita ao alumnado do centro ter un dominio pleno da nosa lingua.

13.2 Información e valoración dos programas e actividades

A) Actividades de fomento e dinamización da lingua galega realizados polo CPI Atios no curso 2022-23

Foron poucos os cambios realizados con respecto á programación inicial do curso 22/23.

Os obxectivos, intentaron levarse a cabo todos, cada un deles, cun maior ou menor grao de consecución, pero todos se puxeron en marcha.

Con respecto ás actividades, leváronse a cabo unha maior parte delas.

As dificultades atopadas ao longo deste curso débéronse ás veces, á falta de colaboración de alumnado e incluso profesorado.

As actuacións de mellora para vindeiros proxectos, deben enfocarse, sobre todo no alumnado.

Curso tras curso, podemos observar, como hai unha especial aversión pola lingua no seu entorno, que vén aprendida das familias, e ás veces, reforzada dende distintos ámbitos.

Polo tanto, é recomendable reforzar o uso habitual da lingua entre o alumnado, e intentárase que a vexan coma unha lingua real, que se pode utilizar tódolos días, e non coma unha lingua académica, relegada unicamente ao uso escolar, e moitas veces de maneira forzosa.

Tratarase de traballar máis dende as familias, e procurárase buscar unha maior implicación dende as entidades locais, para poder implicar activamente, non só ao alumnado, se non tamén ao seu entorno.

B) Información sobre as actividades de fomento e dinamización da lingua galega prevista para o curso 2023-24 no CPI Atios

Debemos ter en conta que a organización destas actividades e actuacións está suxeita ao desenvolvemento do ano escolar, pois debe adaptarse ás posibilidades que se poidan dar, así como ás novas iniciativas que vaian xurdindo.

Celebraranse as distintas efemérides ao longo do curso en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias e o Equipo da Biblioteca, así como con outros equipos de traballo e os Departamentos do centro.

As actividades fixaranse a medida que avance o ano escolar e xirarán arredor do Proxecto anual de centro: Os paxaros.

- Investigacións e proxectos interdisciplinares sobre o tema escollido para o Proxecto Anual de centro como ferramenta para expresar e comunicar aquilo no que estivemos a traballar co alumnado das diferentes etapas educativas. Coas diferentes producións faranse exposicións na páxina web, e nos corredores do centro e outros espazos físicos; as nenas e nenos darán leccións maxistras do alumnado para as compañeiras e compañeiros dos outros niveis e etapas educativas; editaranse vídeos que se colgarán na canle de *Atios TV* ou publicaranse trípticos.
- “First Lego League”. Obradoiros de robótica dende o mes de outubro coa finalidade de aprender a manexar os robots e poder participar un ano máis na liga.
- Exposicións, leccións maxistras ou conferencias a cargo de expertos, desenvolto durante todo o ano e relacionados cos proxectos de cada nivel educativo.
- Actividades de reciclaxe: plásticos (coa colaboración de Coge3), tapóns, papel, aluminio, material escolar de escritura (rotuladores, Típlex), cartuchos de impresora, pilas ... Estas actividades organizaranse repartidas nas distintas etapas educativas.
- Bo día Atios! Recibirase cada día as persoas do centro con pezas musicais escollidas pola comunidade, pero tamén polo EDLG, para que sexa unha escolla equilibrada, na que haxa tamén música en galego.
- Festa do Magosto e o Samaín (outubro - novembro), onde lembraremos refráns, lendas e contos de medo así como os xogos tradicionais da buxaina e das bólas. Na semana do San Martiño o profesorado de Educación Física recuperará con todo o alumnado o baile dos distintos tipos de peóns que iniciamos nos cursos anteriores e aprenderá aos pequenos e pequenas os distintos xogos das bólas. A profesora de E. Musical de EI e EP repasará as cancións de outono, Magosto, Samaín e a da Buxaina Brincadeira.
- Día contra a violencia de xénero (25 de novembro).
- Mes da Ciencia en galego, con charlas para o alumnado e actividades prácticas relacionadas coa ciencia.
- “Achega 1 kg + ”, en colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Valdoviño.
- Cinema en galego, para todo o alumnado. Actividade organizada pola CENLF de Ferrolterra, se este curso se retoma.
- Nadal: concurso de tarxetas e Festival de aninovo virtual ou presencial.
- Día da Paz (30 de xaneiro).
- Cartas de amor e amizade (febreiro).
- X Certame Literario de microrrelato e micropoesía Carmela Loureiro, actividade organizada pola CENLF de Ferrolterra.
- Festa do Entroido: coplas e festival (febreiro).

- 23 de febreiro. Día de Rosalía, realizando distintas actividades para homenaxear á nosa escritora.
- Día Internacional das Mulleres (marzo).
- “Poesía e Imaxe”. Todo o alumnado do Centro participará na mostra anual que organiza o CENLF de Ferrolterra, con poemas de países lusofalantes ou con fragmentos da obra da autora homenaxeada nas Letras Galegas 2024.
- Semana do libro (abril), dedicada a un escritor ou escritora de Valdoviño ou arredores.
- Día da saúde. Realizaranse actividades que estean relacionadas coa saúde e á vez, coa nosa cultura, como pode ser a andaina a Santo André de Teixido.
- “A Mocidade coa Lingua”, onde un grupo musical do centro interpretará unha composición propia e un poema musicado de autoría coñecida. Actividade organizada pola CENLF de Ferrolterra.
- Festa dos Maios (maio).
- Letras galegas (maio). Homenaxearemos a figura e obra de Luisa Villalta Gómez e farase un acto específico para celebrar a importancia da nosa lingua galega.
- Teatro con G. O alumnado de EP preparará obras de teatro para participar no Concello de Ferrol no citado ciclo teatral organizado polo CENLF de Ferrolterra.
- Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil do Concello de Valdoviño (maio ou xuño).
- "Venres gastronómicos", en colaboración co equipo do Comedor escolar: as actividades durarán todo o curso escolar e xirarán arredor do proxecto anual de centro.
- Día do medio ambiente. A través de actividades de sensibilización sobre o noso medio.
- Mes da diversidade. Con actividades enfocadas a eliminar os prexuízos sobre as distintas relacións afectivo - sexuais.
- Festa de Fin de curso (xuño).

Ademais seguiremos a fomentar o uso das TIC, actualizando as aulas virtuais dos distintos niveis e a páxina do centro conforme sexa necesario e continuaremos coas emisións de *Atios TV*, a nosa canle de televisión en Youtube. Asemade faremos as publicacións oportunas nas redes sociais de Twitter, Facebook e Instagram.

Por outra banda, participaremos en obradoiros literarios, artísticos e de sociolingüística. Con tal finalidade traeranse ao centro autoras/es contemporáneos para os diferentes niveis do alumnado para incrementar a súa competencia lingüística e creativa, axudando deste xeito a fomentar a lectura.

Tamén asistiremos a obras de teatro ou concertos de música de solistas ou grupos galegos de música actual ou tradicional que se vaian organizando ao longo do ano escolar e que nos parezan de interese para fomentar e activar a presenza da lingua e a súa valoración por parte do noso alumnado.

En canto ás actividades do Plan Lector, o noso equipo participará nos distintos proxectos que se propoñan desde a Biblioteca, colaborando co que se demande en cada momento.

11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O plan de autoprotección do CPI Atios todos os anos é revisado, esta revisión de dito plan será valorada ao final do curso nunha memoria que recollerá entre os seguintes aspectos:

- Plan de formación.
- Descrición do simulacro.
- Resultados e valoración do simulacro.
- Melloras a introducir.

A Comisión de Autoprotección Escolar, foi creada o 08 de setembro de 2021, ten como obxectivo principal a revisión do plan de autoprotección, así como a súa mellora e mantemento.

A Comisión está composta por:

Dona Tania M ^a Ruanova Suárez	Directora do centro.
Dona María José Ruán Serantes	Xefa estudos EP
Don Carlos Alberto Bacelo López	Xefe estudos ESO
Don Antonio Cebreiro Melero	Secretario
Don Andrés Díaz Prieto	representantes do persoal docente.
Dona Luisa de Marillac Sánchez	
Dona Genoveva Romero Crego	
Dona Victoria Moreira Castro	representante do persoal non docente.
Dona María Teresa Testa Rodríguez	representante das familias
	representante do alumnado.
Dona Rosa Ana García López	representante do Concello

Toda a información do procedemento de Prevención e Tratamento de emerxencias atópase na nosa páxina web no enlace:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/273>

15. XESTIÓN ECONÓMICA DO CENTRO.

15.1 OBXECTIVOS

Os principais obxectivos para a elaboración e utilización do orzamento son:

- Cubrir as necesidades educativas de todo o alumnado do Centro.
- Establecer unhas boas condicións de traballo, en canto a seguridade e comodidade, para toda a Comunidade Educativa.
- Mellorar os recursos didácticos do Centro.

15.2 ORZAMENTO ANUAL.

A) ELABORACIÓN

- O secretario elabora o anteproxecto de orzamento.
- A comisión económica apróba e convértese en proxecto de orzamento.
- O proxecto, xunto cunha memoria xustificativa, preséntase ao Consello Escolar.

- Prazo para aprobalo: 1 mes desde que se coñeza a asignación da Consellería.
- Elévase á Xefatura territorial para coñecemento e revisión de legalidade.
- Se no prazo dun mes non hai reparos enténdese definitivo.
- En caso contrario, devólvese ao centro para que procedan a adecuación á legalidade.
- Se o Consello Escolar non aproba o orzamento remítese á Xefatura territorial xunto coa certificación da acta da sesión onde figuren os motivos para a non aprobación. A Xefatura territorial resolverá no prazo máximo dun mes.

B) MODIFICACIÓN

- Os créditos de gasto do orzamento aprobado vinculan co nivel de desagregación con que se aprobaron. Non obstante, poderán ser modificados:
 1. Por redistribución dos créditos do propio centro, atendendo á finalidade do gasto.
 2. Por aumento dos ingresos procedentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
 3. Os ingresos efectivamente realizados e que superen os inicialmente previstos no orzamento do centro.
- A directora é o órgano competente para propo-las modificacións.
- Presentaranse a ao Consello Escolar xunto cunha memoria xustificativa.
- O Consello Escolar, co informe da Comisión Económica, procederá á súa aprobación ou denegación.
- As modificacións, xunto coa memoria xustificativa, remitiranse á Xefatura territorial.
- No prazo dun mes, poderá formular reparos e observacións, sempre por razóns de legalidade e de xeito motivado.

C) ORZAMENTO PREVISTO ANO 2024

Orzamento aproximado do centro CPI Atios de Valdoviño para o exercicio: 2024 está realizado en base aos seguintes datos:

A) Estado de ingresos:	
a) Dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	
a.1) Gastos de funcionamento (incluíndo os gastos de funcionamento do fondo social europeo, os do programa PROA, os destinados á biblioteca, os recibidos por participación en distintos proxectos de ordenación e innovación educativa, etc.)	80.311,70 €
a.2) Programa de libros de texto (préstamo).	2.170,00 €
a.3) Dotacións para a biblioteca escolar (fondos documentais, mobiliario e equipos informáticos - incluídos os ingresos do plan de mellora de biblioteca escolares para estas finalidades-)	1.300,00 €
a.4) Fondos recibidos para o plan de mellora de calidade dos centros.	0,00 €
a.5) Fondos recibidos para proxectos de ordenación e innovación educativa e similares.	2.663,20 €

a.6) Comedores escolares.	71.631,62 €
a.7) Fondos da Secretaría Xeral de Política Lingüística	0,00 €
b) Os procedentes doutros organismos públicos, das institucións da Unión Europea ou doutros organismos internacionais.	4.442,25 €
c) Achegas económicas procedentes de legados e doazóns legalmente adquiridas, axudas e subvencións de calquera entidade ou institución privada, ou particulares.	400,73 €
d) Ingresos derivados de convenios con persoas físicas ou xurídicas, de acordo coa normativa reguladora.	0,00 €
e) Os procedentes do alleamento de bens mobles en desuso, que requirirán a autorización documental previa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	0,00 €
f) Os procedentes da prestación de servizos distintos dos remunerados polos prezos públicos dos servizos académicos, e os derivados das pequenas vendas de produtos obtidos polos centros a través das súas actividades lectivas.	0,00 €
g) Os derivados do uso das instalacións do centro.	0,00 €
h) Os remanentes do exercicio anterior	4.508,34 €
i) Os derivados da venda de fotocopias e uso do teléfono.	0,00 €
j) Achegas de entidades ou particulares para o pagamento dos servizos de comedor, residencias, instalacións deportivas e outros.	2.700,44 €
k) Xuros da conta bancaria.	0,00 €
l) Calquera outro ingreso, para o que se deberá contar coa autorización da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.	0,00 €
A. Total ingresos	170.128,28
B) Estado de gastos:	
1. Arrendamentos.	8.549,08 €
2. Reparacións, mantemento e conservación.	10.359,00 €
3. Material de oficina.	25.404,12 €
4. Subministracións.	37.165,74 €
5. Comunicacións.	2.239,28 €
6. Transporte.	6.456,96 €

7. Traballos realizados por outras empresas.	672,50 €
8. Primas de seguro.	1.296,77 €
9. Tributos.	0,00 €
10. Axudas de custo e locomoción.	1.161,46 €
11. Gastos diversos.	361,87 €
12. Mobiliario e utensilios inventariables.	4.829,88 €
13. Outros materiais inventariables.	0,00 €
14. Comedores escolares	71.631,62 €
B. Total gastos	170.128,28

15.3. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS.

En cada curso escolar planificarase cada unha das partidas que durante ese curso terá vixencia pero o devandito plan é susceptible de ser modificado coa inclusión ou eliminación dalgunha subcuenta, en función das novidades que puidesen xurdir no futuro.

Esta información non só serve para favorecer a coherencia, rigurosidade, transparencia e participación de toda a Comunidade Educativa, mediante a súa aprobación, senón que ademais establece as directrices a seguir na elaboración do orzamento do Centro para cada curso.

A) DOTACIÓN ECONÓMICA PARA OS DISTINTOS CICLOS E DEPARTAMENTOS

Principios Xerais:

1.- A dotación presupuestaria dispoñible para os distintos cursos e especialidades pode provir de dúas partidas diferentes, e independentes entre si:

- Da dotación de Gastos de Funcionamento, asignada pola Consellería de Educación, cuxa asignación non está garantida todos os anos.
- Dos recursos que o propio Centro poda xerar.

2.- Si a dotación non cubrise a totalidade da cantidade estimada a repartir, priorizarase en función das necesidades de cada curso e especialidades, do mesmo xeito que si non fose necesario facer uso da dotación, está será acumulable e pasarán a remanente para o curso seguinte.

3.- O reparto levarao a cabo a Comisión Económica.

4.- Da dotación de Gastos de funcionamento, que si está garantida cada ano:

- Asignarase unha dotación económica global, que en ningún caso poderase superar.
- Dita dotación calcularase tomando como referencia o gastado nos últimos anos a nivel de Centro.

- Xustificar cada unha das partidas que se determinen.
- Decidir por parte do ciclo ou departamento o que necesita cada curso e especialidade.
- Considerar ese reparto inicial como válido para próximos cursos, aínda que en todo caso, revisable a petición de calquera curso ou especialidade por parte da Comisión Económica xustificándose convenientemente.

5.- Mediante o estudo exhaustivo de todas as partidas de gastos efectuadas en cursos anteriores conseguiremos os seguintes obxectivos:

- Maior coordinación na adquisición e uso de medios didácticos.
- Maior transparencia ao ser decisións colegiadas.
- Maior rigor no control presupuestario para non gastar máis do debido.

B) DOTACIÓN ECONÓMICA PARA A BIBLIOTECA

No documento oficial do Orzamento de gastos reflectirase a dotación económica outorgada ao Proxecto de Biblioteca que conta cunha partida presupuestaria propia asignada dende a Consellería de Educación e unha porcentaxe dos orzamentos do centro consensuada entre o Equipo Directivo e o Equipo de Dinamización da Biblioteca. Dita cantidade destinarase prioritariamente á compra de libros, a mobiliario e podéndose usar, así mesmo, para a mellora das condicións do seu uso. A coordinadora da Biblioteca poderá solicitar á Comisión Permanente, a través do Secretario do Centro, o aumento de dita partida presupuestaria.

O momento máis apropiado será durante o mes de setembro para a súa inclusión no Orzamento inicial, na primeira reunión do Consello Escolar, aínda que se poderá suscitar o seu revisión o longo do curso.

C) DOTACIÓN ECONÓMICA PARA O COMEDOR

O comedor escolar do CPI Atios de xestión directa finánciase cos seguintes ingresos:

- Achegas da Consellería para cubrir o custo do servizo.
 - Aboamento dos gastos xerais de persoal e funcionamento das instalacións.
 - Bolsas de comedor cantidades que recibirán os centros de ensino para aprovisionamentos.
- Achegas dos usuarios do servizo aos cales non lles corresponda a bonificación completa de comedor, en concepto de prezos públicos.

A xestión económica do comedor escolar, xestionarase desde a conta específica de comedor de xeito exclusivo. Aparecerán a totalidade de ingresos e gastos relacionados co comedor escolar, non podendo mesturarse as sumas relacionadas con este servizo cos demais gastos de funcionamento do centro.

Os ingresos percibidos polo centro en concepto de comedor escolar non poderán adicarse a fins distintos deste.

15.4. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DE INGRESOS DERIVADOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS, DOS FONDOS PROCEDENTES DE ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS.

A normativa permite que os centros gestionen outras fontes de financiamento á marxe dos ingresos provenientes da Administración educativa. Estes ingresos están organizados no noso plan contable en dous tipos:

1. Ingresos por recursos propios: Son todos aqueles que se xeran desde o propio Centro

- Gardar e xestionar o pago de actividades extraescolares. Como norma, as excursións páganas o alumnado, ben directamente, ou mediante actividades destinadas á recaudación para tal fin. Por iso todo o diñeiro ingresado para este concepto se reintegra.
- Venda de produtos navideños e lotaría.
- Rifas

2. Derivados de entidades:

- Caixas e Bancos: Obra social de Caixas para actividades e material educativo no Centro.
- Concello:
 - Proxectos educativos, colaborando e si fose necesario coa achega económica para abordar devanditos proxectos.
 - Financiar actividades conxuntas.
- Asociación de Pais e Nais de Alumnos:
 - Colaborar na realización de actividades complementarias e extraescolares.
 - Posibilitar a mellora das instalacións do Centro.

16. RELACIÓN COA COMUNIDADE E A FAMILIA.

16.1 Clima de colaboración

A relación dos membros do Claustro coas familias debe basearse na comunicación e a coordinación. Este clima potenciarase sobre todo nas reunións de titoría, con motivo de informar e obter informacións dos pais/nais que favorezan o desenvolvemento do proceso educativo.

Os titores/as manterán contacto cos pais, de xeito individual ou colectivo, mediante reunións que se celebrarán os días establecidos para cada titor/a, previa cita, ou calquera outra data acordada polas dúas partes

16.2 Relacións coas entidades

O Centro, a través dos órganos colexiados e os membros que os constitúen, tentará soste unha estreita colaboración cos membros da Comunidade Educativa e aquelas entidades como Concello, ANPA, AAVV, Asociacións culturais... en todas aquelas facetas relacionadas coas necesidades do Centro ou nas que o Centro poida aportar a súa colaboración.

Para a realización das actividades complementarias e extraescolares colaborarase estreitamente coa ANPA do CPI de ATIOS, co Concello e coas Asociacións Culturais e Deportivas que se atean ao disposto na lexislación vixente.



17. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES MUNICIPAIS

As actividades extraescolares as xestionará o Concello polo que remitimos ás familias para obter información ao Concello de Valdoviño, Avenida Porta do Sol s/n 15552
Tlf: 981 487 041, www.concellodevaldovino.com

18. AVALIACIÓN DO PLAN XERAL

A avaliación xeral de centro se fundamenta na memoria anual que elabora a dirección, nos aspectos relacionados coa PXA, como nas memorias anuais que os equipos ciclos e departamento, nos aspectos curriculares.

Asi mesmo os todos os plans e proxectos contemplan unha avaliación propia ao finalizar o curso académico e que queda reflexado así en cada un dos mencionados plans e proxectos.

Todo os datos recollidos nesas avaliacións son a base para a mellora continua no funcionamento, organización e desenvolvemento curricular do centro.

Valdoviño a 25 de outubro de 2023

A directora

O secretario



Asdo: Tania Mª Ruanova Suárez

Asdo: Antonio Cebreiro Melero